



BASES DA CONVOCATORIA SELECTIVA PARA CUBRIR POLO SISTEMA DE CONCURSO E MEDIANTE CONTRATO DE TRABALLO EN PRÁCTICAS DE UN POSTO DE TRABALLO CON DESTINO O CENTRO DE INNOVACIÓN E SERVIZOS TECNOLÓXICOS DA MADEIRA DE GALICIA (CIS-MADEIRA):

I. Obxecto da convocatoria:

É obxecto desta convocatoria a selección por parte do CIS-Madeira pertencente á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, de UN (1) posto de traballo, para a contratación como persoal laboral temporal na modalidade de CONTRATO EN PRÁCTICAS e coa duración acorde a lei vixente.

A Fundación precisa cubrir con carácter temporal UN(1) posto de traballo, que se relaciona a continuación, para a execución de actividades acordadas coa súa titulación e que lle permitirían obter a práctica profesional axeitada aos estudos cursados.

▪ 1 Técnico de Laboratorio:

- Titulación: Ciclo de Grao Medio de Técnico de Laboratorio.
- Tarefas: Realización de:
 - toma de datos en campo.
 - preparación de mostras e realización de ensaio físicos, mecánicos e químicos da madeira.
 - elaboración de informes.

II. Réxime xurídico da contratación:

O contrato revestirá a modalidade de contrato de prácticas, conforme ao establecido no artigo 11.1 do Estatuto dos Traballadores, artigo 1 e seguintes do RD 488/1998 e no artigo 7 de la Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación.

III. Duración:

A contratación obxecto da presente convocatoria efectúase con carácter temporal limitada a un período dun ano, con posibilidade de prórrogas segundo a vixente lei.



IV. Requisitos xerais dos candidatos:

Os aspirantes deberán reunir estes requisitos xerais referidos a data no que conclúa o prazo de presentación de solicitudes de participación e manter ata o momento de toma de posesión do posto resultante deste proceso selectivo.

A omisión na acreditación de calquera dos apartados anteriores será motivo de exclusión do proceso de selección.

- a) Ter nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea, así como os nacionais de aqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores nos termos en que está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e o dos nacionais dalgún estado ó que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Tamén poderán participar os/as estranxeiros/as con permiso de residencia no territorio español.

- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzada a idade de xubilación.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida desempeñar as funcións correspondentes á praza á que opte.
- d) Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea ou de aqueles que teñan subscritos tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados en España, acreditarán de modo fidedigno non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu país o acceso á función pública

- e) Posuír a titulación académica esixida no punto I das bases da convocatoria ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes (homologada polo Ministerio de Educación, no caso de títulos expedidos no estranxeiro). Titulación obtida nos últimos 4 anos ou 6 anos en caso de discapacidade.
- f) Estar en posesión do CELGA 3, curso de Iniciación do Idioma Galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia de Política Lingüística. Para aqueles que non posúan dito curso e



accedan a fase de entrevista persoal, antes de realizarse esta, deberán superar unha proba de dominio do idioma galego.

- g) Non haber estado contratado, baixo ningunha modalidade contractual, coa titulación requirida.

EXCEPTO, aqueles que estivesen baixo a modalidade de CONTRATO EN PRÁCTICAS coa titulación requirida sempre e cando non se excedan dos LIMITES LEGAIS. Neste caso deberán presentar copia do contrato e, ademais, un Informe da Vida Laboral da Seguridade Social ou outro documento que certifique o tempo que estivo contratado baixo dita modalidade co fin de verificar que non se exceden ditos limites.

V. Solicitudes:

Quen desexe tomar parte no proceso de selección deberá formular a súa solicitude no modelo de instancia que figura como anexo II. Xunto coa instancia presentárase a seguinte documentación (dita documentación irá numerada correlativamente e co número total de folios (--/--)).

- a) Instancia. (Anexo II) con fotografía tamaño carné.
- b) Documento de Identificación: Fotocopia do D.N.I., N.I.E., Pasaporte ou documento que acredite nacionalidade.
- c) Fotocopia do título académico, que acredite a titulación esixida.
- d) Informe de Vida Laboral da Seguridade Social

No caso de estar na excepción referida no apartado IV.g) presentárase copia do contrato e, ademais, un Informe da Vida Laboral da Seguridade Social ou outro documento que certifique o tempo que estivo contratado baixo dita modalidade co fin de verificar que non se exceden os límites legais.

- e) Certificado médico que acredite o requisito ao que se refire o apartado IV.c)
- f) Documentación que acredite estar en posesión do CELGA 3, curso de Iniciación do Idioma Galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia de Política Lingüística. Para aqueles que non posúan dito curso e accedan a fase de entrevista persoal, antes de realizarse esta, deberán superar unha proba de dominio do idioma galego.
- g) Documentación que acredite os méritos alegados e aos que se refire o baremo de méritos que se recolle no anexo III.

A experiencia, capacidade e formación complementaria (bolsas, prácticas formativas, estudos de terceiro ciclo, máster, cursos, congresos, seminarios, ...) acreditarase mediante certificados de asistencia ou títulos académicos expedidos regulamentariamente, documentos que terán que



demostrar suficientemente os méritos alegados.

h) Currículo e aqueles outros documentos que o candidato xulgue oportunos.

* Aqueles que presenten fotocopias sen compulsar e accedan á fase de entrevista persoal deberán aportar, o día da entrevista persoal, os orixinais co gallo de cotexar as copias presentadas; dito cotexo será previo á entrevista.

VI. Lugar e prazo de presentación de solicitudes:

- As solicitudes serán dirixidas ao Director do CIS da MADEIRA e presentarase ou remitirase por correo certificado ó Centro de Innovación e Servizos da Madeira sito en Avd. de Galicia nº 5, Parque Tecnolóxico de Galicia, 32.901 San Cibrao das Viñas (Ourense)
- Deberán presentarse no modelo normalizado, Anexo II da presente convocatoria.
- O prazo de presentación será de 10 (dez) días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da presente convocatoria en prensa.
- O enderezo que figure nas instancias considerarse como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do solicitante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nel.
- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión de selección publicará as listas previas de admitidos e excluídos ó proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, no seu caso, establecéndose un prazo de 5 días naturais para reparar calquera erro que sexa subsanable.
- Todas as publicacións faranse no taboleiro de anuncios do CIS MADEIRA

VII. Proceso de selección:

1. A avaliación das solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 10/1996, de 5 de novembro efectuarase por unha comisión designada ó efecto (Anexo I)
2. proceso de selección constará de dúas fases: concurso de méritos e entrevista persoal
3. Proba de galego, no caso de ser necesaria. Consistirá nunha tradución galego -castelán e outra castelán- galego. Sendo a súa valoración APTO ou NON APTO. O lugar, data e hora anunciarase no taboleiro de anuncios do CIS Madeira.

VIII. Primeira Fase: CONCURSO DE MÉRITOS

A avaliación dos candidatos realizarase mediante a valoración dos méritos acreditados por cada candidato, segundo o baremo do anexo III.

A FASE I non poderá superar un máximo de 9 puntos.



Finalizado o proceso de avaliación (Primeira fase), a Comisión publicará no taboleiro de anuncios do CIS MADEIRA, un acordo co listado da puntuación de todos os aspirantes. No mesmo comunicado sinalaranse aqueles candidatos seleccionados para acudir á Segunda Fase (Entrevista Persoal); indicando a data, lugar e hora da mesma. E, de ser necesario, tamén se indicará aqueles que teñen que realizar a proba de galego.

Contra este acordo, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación diante da comisión no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da súa exposición.

IX. Entrevista persoal

Realizarase a aqueles candidatos que teñan unha diferenza igual ou inferior a un (1) punto co candidato de maior puntuación na fase de concurso.

Dita entrevista terá unha puntuación máxima de 1 punto .Versará sobre:

- Perfil do candidato
- Comentarios acerca do currículo vitae
- Idoneidade do candidato para o posto
- Dispoñibilidade de incorporación
- Contraste de coñecementos
- Expresión oral

e terá unha duración máxima de quince minutos.

Finalizada a Segunda Fase, a Comisión publicará no taboleiro de anuncios do CIS MADEIRA, un acordo co listado da puntuación de tódolos aspirantes.

Contra este acordo, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación diante da comisión no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da súa exposición.

X. Criterios de desempate:

Será de aplicación o artigo 37 da lei 7/2004 do 16 de xullo, galega para igualdade de mulleres e homes.

En caso de empate desempatarase co que obtivera máis puntos no apartado de Experiencia.

En terceiro lugar, desempatarase por orde alfabético empezando pola letra establecida na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de xaneiro do 2008.

XI. Concluído o proceso anterior, a comisión de selección publicará, no taboleiro de anuncios do CIS MADEIRA o nome da persoa seleccionada facendo constar a documentación complementaria que deberán aportar para formalizar o contrato.

Cos restantes candidatos, elaborárase unha lista de reserva para futuras contratacións temporais do CIS MADEIRA correspondentes co obxecto das



presentes bases e por unha vixencia temporal igual a do obxecto da obra.

A modalidade contractual é a de contrato en prácticas, suxeito ó período de proba regulado no artigo 11 do Estatuto dos traballadores, actuando como órgano de contratación da fundación o seu Xerente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 29 de novembro de 2005 ante o notario do Ilustre Colexio de A Coruña D. Manuel Remuñan López e co número de protocolo 2196

Santiago de Compostela, 29 de Febreiro de 2008



Xosé Luis Villasante Carrera

Xerente da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

**Para calquera comunicación e demais incidencias , a Comisión terá como sede a oficina do CIS Madeira sito en Avd. de Galicia nº5, Parque Tecnolóxico de Galicia, 32.901 San Cibrao das Viñas (Ourense). Telf: 988-36.81.52*



ANEXO I


COMISIÓN DE SELECCIÓN:

1 .- A comisión de selección estará formada por:

- a. Presidencia: Director do Centro
- b. Secretaría: O responsable do proxecto do Centro
- c. Vogalía: 1 xefe de unidade do Centro

Poderán nomearse asesores do tribunal, os cales limitaranse ó exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán co tribunal con base exclusivamente nas mesmas.

2. Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ó presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.
3. O presidente poderá solicitar ós membros da comisión de selección declaración expresa de non atopárense incurso nas causas sinaladas de abstención.
4. Os aspirantes poderán recusar ós membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.
5. Para actuar validamente a comisión, requirirase a presenza de todos os seus membros.
6. As decisións da comisión de selección adoptaranse por maioría dos membros presentes no momento da votación e en caso de empate resolverá o voto de calidade do presidente da comisión de selección.
7. Para efectos de comunicación e demais incidencias, a comisión terá como sede o CIS MADEIRA sito en Avd. de Galicia nº 5, Parque Tecnolóxico de Galicia, 32.901 San Cibrao das Viñas (Ourense).



ANEXO II



SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL A TRAVÉS DUN CONTRATO EN PRÁCTICAS COMO TÉCNICO DE LABORATORIO PARA O CIS-MADEIRA:

Datos persoais:

Primeiro apelido: Segundo apelido

Nome: NIF:

Enderezo:

Localidade: Provincia:

Código Postal: Teléfono:

E-mail:

Data de nacemento: Localidade:

Provincia: Nacionalidade:

Nº de afiliación á Seguridade Social:

TITULACIÓN

DECLARACIÓN XURADA:

O abaixo asinante declara baixo xuramento non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ó posto de traballo da praza á que opta, e non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

"De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o interesado queda informado e presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos ós ficheiros automatizados existentes na FUNDACIÓN e ó tratamento dos mesmos para esta convocatoria de prazas."

Fago constar que a presente documentación consta de ____ folios, numerados correlativamente do 1 ó ____

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO:

- Foto pegada na Instancia Documento de Identificación Currículo Vitae
 Vida Laboral Seg. Social Certificado de Empresa/Entidade ____ Contrato/s de Traballo
 ____ Certificado/s Bolsa / Prácticas CELGA 4 /Curso d Perfeccionamento do Idioma Galego
 Outros:

Lugar e data:

Asdo:

XERENTE DA FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA



ANEXO III

BAREMO:

A. Experiencia en actividades formativas en centros de traballo:

- ◆ Técnicas de laboratorio en madeira.

A experiencia acreditarase a través da credencial de concesión e documento acreditativo expedido polo organismo correspondente das funcións realizadas.

Valoraranse: 0,5 puntos /25 horas ata un máximo de 6 puntos.

B. Formación en:

- ◆ Tecnoloxía da madeira
- ◆ Métodos de ensaio en madeira.

Valoraranse: 0,75 puntos /7 horas ata un máximo de 3 puntos.

Todos os méritos deberán estar debidamente acreditados, a través dun documento acreditativo ou certificado expedido pola entidade correspondente.